

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027851	IES A Cachada	Boiro	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

Desde o curso 2009/10 no IES A Cachada desenvolveuse un obradoiro extraescolar de cine e produción cultural chamado o Club do Antifás. Transcorreu en horario extraescolar, os martes a mediodía. O alumnado que participou nel ten deseñado intercambios escolares, viaxes educativas, proxectos de innovación e, sobre todo, leva creado pezas audiovisuais de distinta índole que foron tendo interesantes percorridos (premios en Senda dos Faros e Lingua Rodada -Consellería Educación-, festival Olloboi, OUFF Escola, Alberto Romero, etc.)

Esta filosofía de empregar o cine como ferramenta educativa calou na comunidade e o noso Club é coñecido por parte da veciñanza e recoñecido como unha boa práctica en diferentes organismos (recentemente, nos XXIV Encontros de Cinema de Viana).

Cremos que é o momento de incorporalo ó currículo a través dunha materia, e entendemos que esta pode ser o Proxecto Competencial. Tanto nunha sección bilingüe como nunha non bilingüe, cuxo programa de contidos podería converxer co presente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	BD, a imaxe secuencial	Análise dos elementos fundamentais da BD (composición de imaxe, de páxina, ritmo, etc.). Historia da BD universal e galega	14	5	X		
2	Cine e BD	Relación entre estas artes visuais	26	9	X		
3	A ficción supera a realidade	Proxecto: preproducción, produción e posproducción dunha curta en equipo	34	12		X	
4	Olloboi	O cine nas aulas: coñecer a realidade próxima. Cine galego	26	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	BD, a imaxe secuencial	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Comprender o valor artístico da BD	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Coñecer os elementos fundamentais da linguaxe secuencial		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Comprender as diferencias entre correntes de cómic de diferentes países (Na Sección Bilingüe, ler cómic en inglés)		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Crear unha páxina de BD (Na Sección Bilingüe, diálogos en inglés)		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Planificar os elementos que debe conter unha páxina		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Cine e BD	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Comprender o valor artístico do cine para a nosa cultura	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Coñecer os elementos fundamentais da linguaxe secuencial		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Coñecer os elementos básicos na Fotografía dunha película (Na Sección Bilingüe, vocabulario técnico en inglés)		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Crear unha peza audiovisual simple (Na Sección Bilingüe, en inglés)		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Planificar a gravación dunha peza audiovisual simple		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
3	A ficción supera a realidade	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Preproducción e produción dunha curtametraxe en equipo: guión e decisións de Dirección	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Preproducción e produción dunha curtametraxe en equipo: gravación según Fotografía		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Preproducción e produción dunha curtametraxe en equipo: manexo de equipos de gravación		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Preproducción e produción dunha curtametraxe en equipo: coordinación do equipo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Posproducción dunha curtametraxe en equipo: edición e montaxe (Na Sección Bilingüe, subtítulos en inglés)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
4	Olloboi	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Inscribir a curta no Festival escolar de cine Olloboi	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Explicar a curta audiovisual ó resto da aula que non está na materia. (Na Sección Bilingüe, en inglés)		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Presentar a curta audiovisual ó resto da aula que non está na materia		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Argumentar a necesidade da curta audiovisual ó resto da aula que non está na materia		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Xestionar tecnicamente as proxeccións (Na Sección Bilingüe, dominar o vocabulario en inglés).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O esencial desta proposta é desenvolver proxectos significativos para o alumnado, proxectos nos que eles e elas sexan os protagonistas, empregando o cine para contar o que verdadeiramente os emociona, fascina, preocupa, divírte. Textualmente, da lei, “é fundamental crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para

articular respostas máis creativas, e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.”

Para lograr este clima, propoñemos a realización de pequenos e esenciais proxectos individuais e o crecemento último a proxectos de equipo. En cada un deses proxectos, traballaríamos os contidos dos tres bloques que propón a normativa: Definición, Execución e Presentación.

Ó ser esta unha materia que se desenvolve en réxime ordinario e en bilingüe, existen elementos específicos nos obxectivos:

OBX1. Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.

- Obxectivos non lingüísticos:
 - Entender a relación entre a imaxe secuencial e o cine.
 - Identificar situacións inxustas e contribuír a melloralas.
 - Comprender e coñecer os elementos básicos da BD.
 - Coñecer os rasgos esenciais da historia da BD galega e poñela en contexto coa BD no mundo.
 - Elaborar un plan de produción dun proxecto audiovisual en equipo, atendendo á preproducción (guión, localizacións, casting, permisos de gravación), rodaxe (plan de gravación) e posproducción (montaxe e distribución).
- Obxectivos lingüísticos:
 - Adquirir vocabulario básico do campo semántico do cine e a BD.
 - Adquirir vocabulario básico relativo ós ODS e Dereitos Humanos.
 - Ler e entender páxinas seleccionadas de BD histórica en lingua inglesa.
 - Ser quen de escribir globos de texto para páxinas de cómic mudo.

OBX2. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.

- Obxectivos non lingüísticos:
 - Desenvolver o proceso de produción en equipo planificado anteriormente, levando conta dos permisos, recursos materiais e humanos precisos.
 - Traballar de forma respectuosa e favorecer a retroalimentación entre os diferentes roles do equipo: dirección, guión, foto, son, arte, montaxe...
 - Resolver de forma creativa os imprevistos que (seguro) xurdirán durante a gravación.
 - Lograr unha calidade artística nas producións desenvolvidas.
 - Mellorar o equilibrio afectivo, pois este redonda na mellora dos procesos de aprendizaxe.
- Obxectivos lingüísticos:
 - Adquirir o vocabulario básico do campo semántico do cine en canto a gravación (imaxe e son) e montaxe.
 - Comprender curtas de animación sinxelas en inglés.
 - Locutar unha curta e/ou subtítulala a inglés.

OBX3. Presentar os resultados asociados ó proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

- Obxectivos non lingüísticos:
 - Presentación e proxección das producións audiovisuais individuais/grupais adoptando unha actitude positiva respecto ás críticas e empática respecto ás proxeccións do resto de compañeiros/as.
 - Ser quen de implementar melloras nas producións propias, logo do debate subseguinte ás proxeccións.

- Elaborar dossieres relativos a cada peza audiovisual.
- Buscar canles de divulgación adecuados ó contido das producións audiovisuais realizadas.
- Obxectivos lingüísticos:
 - Adquirir o vocabulario básico do campo semántico do cine en canto a distribución.
 - Coñecer e poñer en práctica estratexias comunicativas enfocadas a transmitir a información dun xeito óptimo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais técnicos
Recursos didácticos

- Cómic da biblioteca do centro.
- Cámaras, micros, soportes: no centro hai abondoso material audiovisual grazas ó traballo desenvolvido nos últimos cursos.
-
- Web da A.C. Olloboi, especificamente o material educativo "Aprendo con Olloboi" que está tamén aloxado en Abalar.
- Fondo audiovisual de Bibliotecas de Galicia, Academia Galega do Audiovisual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Posta en común para averiguar o nivel de interese inicial e os coñecementos previos sobre BD e cine.
- Exercicio de autorretrato e descrición (No grupo bilingüe, en inglés).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	26	34	26	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

No 1º trimestre realizaranse prácticas individuais e a nota obtida en cada unha fará media final segundo a porcentaxe que se indica:

- Fichas de lectura e comprensión de cómic: 10%
- Exercicios de enchido e creación de viñetas: 20%
- Fichas de comprensión de elementos cinematográficos: 20%
- Exercicios de creación individual: 50%

No 2º trimestre desenvolverase unha curta en equipos de 3-4 persoas. Cada persoa asumirá un rol no equipo. Todos

os equipos deberán chegar ó produto final para superar a avaliación.

No 3º trimestre a nota procederá da suma de:

- Práctica Festival Olloboi: achegamento á produción audiovisual noutros centros e inscrición da curtametraxe propia: 50%
- Fichas relacionadas con diferentes proxeccións audiovisuais: 50%

Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda a materia poderá recuperala por trimestres entregando as prácticas non elaboradas no seu momento.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

Formular a metodoloxía desta materia en base a proxectos individuais e creativos, sinxelos en canto a concepto teórico, permite poñer énfase nunha atención individualizada do alumnado. Os resultados dos microproxectos individuais comezan a verse axiña, así que cremos que lograremos unha detección temperá de dificultades de aprendizaxe, o que nos permitirá poñer en práctica mecanismos de reforzo específicos.

En xeral, a creación artística fomenta que cada persoa teña o seu propio ritmo de aprendizaxe e mellora a capacidade de aprender por si mesmo. O cine non é diferente, neste sentido, e a democratización das ferramentas de traballo fai posible que calquera alumna/o practiquen tranquilamente na casa. Na materia non haberá a presión dun exame, só o goce por compartir os achádegos de cada quen.

Por outra parte, o traballo cooperativo en cine ofrece un abano de roles con diferentes dificultades nos que todo o alumnado pode atoparse cómodo: desde a complexidade da Dirección e o guión ata a sinxeleza de levar o equipo de son. Asemade, pode atenderse a numerosos intereses (técnica, arte, etc.), o que facilita que o alumnado atope o seu propio lugar e voz no proceso.

A manipulación técnica de equipos e software pode ser a parte máis complexa do proceso, pero atenderase a ofrecer diferentes niveis de complexidade. En xeral, mesmo o alumnado con máis NEAE é quen de manexar un equipamento audiovisual sinxelo.

O profesorado intentaremos reforzar o diálogo e a interacción entre o alumnado, co cal se contribuirá a desenvolver un espírito crítico e á vez empático, así como ó recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

As proxeccións finais das pezas creadas buscan o desenvolvendo de empatía e xenerosidade e, xa que logo, a inclusión de todo o alumnado. Cónstanos que estas sesións melloran o equilibrio emocional e, en consecuencia, promoven o progreso persoal e académico.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X			
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade e do espírito científico	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde	X	X		X

Observacións:

- Traballarase a lectura nomeadaente a partir de Banda Deseñada (na Sección Bilingüe, en inglés tamén)
- Redactaranse informes (fichas técnicas de lecturas e visionados) e crearanse textos (guións, viñetas).
- Presentaranse os traballos ante os/as compañeiros vixiando a correcta expresión oral e corporal.
- A creación de pezas audiovisuais implica creatividade e técnica.
- Intentaremos reforzar a importancia da arte e a cultura no seu papel de amalgama social.
- Traballaremos os ODS e a Declaración dos DDHH (temáticas para pezas audiovisuais).
- Intentaremos facer ver a importancia que ten para a nosa saúde ter hábitos creativos e culturais (fomento da lectura, creación de proxectos en equipo...)
- Achegarémonos ás temáticas que preocupan á mocidade galega, de acordo coas pezas audiovisuais que recolle na súa web o proxecto Olloboi.
- Coñeceremos a historia recente do cine galego e o papel que esta industria ten no panorama internacional agora mesmo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didáctica	Saída a un estudo de cine/gravación	X		
Participación no Festival Olloboi	Participación na actividade Muchachada (creación con cineastas) do Festival Olloboi (30 de maio)			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado é quen de realizar os proxectos que se lle piden ó longo do curso
Metodoloxía empregada
O alumnado comprende os elementos fundamentais da linguaxe secuencial e aprende traballando, gozando
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O alumnado aprende a empregar correctamente o material audiovisual, coidándoo.
Medidas de atención á diversidade
Ningún alumna/o se descolga dos proxectos
Clima de traballo na aula
O alumnado participa activamente nos proxectos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
As pezas audiovisuais creadas gardan relación con proxectos de centro

Descrición:

Unha materia coma esta, tan aberta en canto a contidos e obxectivos, non require de elementos tan rigorosos de avaliación da programación coma outras. Se o alumnado participa activamente, con gusto, se o alumnado crea e comparte, o obxectivo está logrado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación revisárase mensualmente, indicando as correccións que houberan de facerse con respecto á temporalización e metodoloxía.

Buscarase unha coordinación entre os docentes que a imparten, salvado o aspecto lingüístico.

9. Outros apartados

1. Contidos lingüísticos e non lingüísticos

Ó ser esta unha materia que se imparte en réxime ordinario e en bilingüe, ten obxectivos e contidos específicos que foron enviados no seu momento á Inspección para a aprobación da materia. Poden verse no apartado de Metodoloxía.